



**BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS TRABALLADORES/AS PARA OS POSTO DE: OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES (PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS) PARA O CONCELLO DE AS NEVES DURANTE O ANO 2016**

*PRIMEIRA:* As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación temporal de dous *Peóns de Obras Públicas (CNO:96011029)*, para realizar funcións propias do posto convocado, así como o apoio a outros servizos municipais por acumulación de tarefas. As retribucións serán coincidentes coa consignación orzamentaria municipal do vixente exercicio (partida 1.532,131), a xornada parcial de 35 horas semanais, mediante un contrato laboral de carácter temporal de 6 meses de duración, ó abeiro do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores

*SEGUNDA.-* As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a. Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non excedan, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Estar en posesión da Titulación mínima de Certificado de Escolaridade, ou equivalente.
- c. Posuir capacidade funcional e non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, dacordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- f. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

*TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN* A selección dos aspirantes efectuarase previa realización de Oferta Xenérica ante a Oficina de Emprego de Pontearreas, e os/as candidatos/as presentarase no Concello de As Neves, ó día que sexan convocados/as.

A Comisión de Valoración estará formada por:

- Presidenta: M<sup>a</sup> Isabel Martín Alonso ou persoa que a substitúa.
- Vocais:
  - Ramona Giráldez Carballo ou persoa que a substitúa.
  - Manuel Gándara Souto ou persoa que a substitúa.
  - Esperanza Goyanes López ou persoa que a substitúa.
- Secretaria: Concepción Eulalia Solano De Eyto ou persoa que a substitúa.



#### CUARTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

##### A) Experiencia Laboral

Por cada mes traballado ó servizo da Administración Pública, ou en empresas privadas, en funcións relacionadas co posto a desenvolver : 0,05 puntos por mes traballado.

Non se computarán as fraccións de mes.

Puntuación máxima por experiencia laboral 2 puntos.

A experiencia acreditarase mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo, certificado de vida laboral, certificado de prestación de servizos, ou calquer documento no que este requisito se acredite debidamente.

##### B) Cursos relacionados co posto de traballo a desenvolver:

- Cursos, ata 20 horas: 0,05 por curso.
- Cursos de 21 horas a 50 horas de duración: 0,10 puntos por curso.
- Cursos de 51 a 100 horas de duración: 0,20 puntos por curso
- Cursos de 101 horas de duración en adiante: 0,50 puntos por curso
- Carné de Conducir Tipo B: 0,50 puntos

Non se computarán os cursos nos que non veña especificado o nº de horas nin a asistencia a xornadas.

Puntuación máxima por cursos: 2 puntos

##### C) Coñecemento da lingua galega:

- a. Por estar en posesión do Celga 1: 0,15 puntos
- b. Por estar en posesión do Celga 2: 0.20 puntos
- c. Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Iniciación a Lingua Galega:0.30 punto
- d. Por estar en posesión do Celga 4 ou Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega: 0.5 puntos
- e. Celga 5 ou superiores: 1 punto

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

##### G) Entrevista persoal

Tódolos/as candidatos/as deberán realizar unha entrevista cos membros da Comisión de Valoración, na que se tratarán aspectos relacionados coas funcións a desenvolver polos/as candidatos, valorándose de 0 a 2 puntos. A presentación á entrevista de selección é de obrigado cumprimento para a valoración do proceso selectivo.

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a comisión de valoración formulará proposta a favor do/a candidato/a que obteñan a maior puntuación. O resto dos candidatos/as, por orden de puntuación



Concello  
de  
As Neves

Praza da Cristiandade nº. 1  
36440 AS NEVES (Pontevedra)  
Teléfono: 986 64 80 38 - Fax: 986 64 80 52  
E-mail: asneves@fegamp.gal

formarán a lista de suplentes, para o caso de cobertura de baixas ou vacantes que se podan producir durante a duración do contrato.

No suposto de empate seleccionárase a persoa que teña máis antigüedad como demandante de emprego.

QUINTA .-Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais disposicións concordante en materia de persoal.

As Neves 2 de febreiro de 2016  
O Alcalde-Presidente,

Asdo: Xosé Manuel Rodríguez Méndez